

**MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN  
CURRICULAR.  
CURSO 2021/2022**

**CENTRO: 36012742- CEIP PULIRILINGÜE VILAXOÁN  
DATA: 19 ABRIL DE 2022**

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado.**
- 2. Decisións e criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/22.**
- 3. Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular.**

<b>1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado</b>	
<b>1.1. Criterios para o tratamento de materias pendentes</b>	Para o alumnado que promocioe de curso con algunha materia pendente o docente que imparta a materia elaborará un plan específico de reforzo. Para o alumnado que deba permanecer un ano máis no curso o equipo docente elaborará un plan específico de reforzo, recuperación e apoio.
<b>1.2. Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa</b>	<p>A decisión de promoción nos cursos de 2º, 4º e 6º será adoptada de xeito colexiado polo equipo docente do grupo, oídos os pais, nais, titores legais, primando a opinión do titor en base aos seguintes criterios:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1) Grao de madurez do alumno/a debidamente xustificado polo DO.</li> <li>2) Causas xustificadas de ausencias ao centro de longa duración por enfermidade ou incapacidade.</li> <li>3) Recente traslado do menor ao centro ou incorporación tardía por proceder do estranxeiro ou outras causas xustificadas.</li> <li>4) Alumnado NEAE por situación familiar vulnerable ou en risco de exclusión social.</li> <li>5) Grao de suficiencia das medidas de atención á diversidade adoptadas segundo as características persoais do alumno/a e o diagnóstico psicopedagógico, de ser o caso.</li> <li>6) Capacidade de traballo, esforzo e implicación do alumno/a na realización das tarefas escolares ao longo de todo o curso.</li> <li>7) Inclusión do alumno/a no grupo e relación cos seus compañeiros/as segundo a observación do equipo docente ao longo do curso.</li> <li>8) Grao de adquisición das Competencias reflectidas nos documentos de avaliación ordinaria primando a CCL, CMCT e CAA.</li> <li>9) Materias non superadas que poidan impedir seguir con éxito o curso seguinte: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Insuficiente en dúas das seguintes áreas: lingua galega, lingua castelá e matemáticas.</li> <li>- Ou Insuficiente en tres áreas.</li> </ul> </li> </ol>

<b>2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria) e matriculas de honra (ESO/BAC)</b>	
<b>2.1. Criterios xerais</b>	Segundo o acordado na Comisión de Coordinación pedagóxica e aprobado polo Claustro, para obter unha mención honorífica en 6º de Educación Primaria é necesario acadar un sobresaínte nunha o máis áreas e un desempeño académico exemplar ao longo da súa etapa educativa. As mencións honoríficas quedarán reflectida na acta de avaliación ordinaria.

<b>3. Aprobación e publicidade</b>	
<b>3.1. Aprobación</b>	Reunión de claustro extraordinario celebrado o día 26 de Abril de 2022
<b>3.2. Publicidade</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Publicada na web do centro o día 26 Abril de 2022</li> <li>• Informadas ás familias/alumnado por parte da dirección do centro a través de Abalar móbil cunha mensaxe enviada o 26 de Abril de 2022</li> </ul>